

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AUGAS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 27 de xuño de 2025 pola que se amplía o crédito da Resolución do 11 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á realización de auditorías das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU301D).

O 24.2.2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG núm. 37) a Resolución do 11 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á realización de auditorías das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU301D).

O artigo 5 da Resolución do 11 de febreiro de 2025 establece que as subvencións reguladas ao abeiro desta resolución se financiarán con cargo á conta financeira 6566 (subvencións de capital a corporacións locais) da entidade pública empresarial Augas de Galicia, por importe de cincocentos mil euros (500.000,00 €).

O artigo 6 da Resolución do 11 de febreiro de 2025 prevé a posibilidade de ampliar o crédito nas circunstancias previstas no artigo 30.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A ampliación de crédito queda condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito e, se é o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Consonte o exposto, actualmente na aplicación orzamentaria correspondente existe crédito dispoñible, polo que se considera oportuno ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente e incrementar o importe total da axuda convocada.

De acordo co anterior, unha vez declarada a dispoñibilidade de crédito, vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento,

RESOLVO:

Artigo único. *Ampliación do crédito orzamentario*

Ampliar o importe total do crédito das subvencións establecidas na Resolución do 11 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de sub-



vencións ás entidades locais, en réxime de concorrência non competitiva, destinadas á realización de auditorías das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU301D).

Na seguinte táboa detállase o crédito definitivo

Crédito	Conta financeira	Importe
Inicial	6566 (subvencións de capital a corporacións locais)	500.000,00 €
Ampliación	6566 (subvencións de capital a corporacións locais)	359.646,66 €
Total		859.646,66 €

Esta resolución producirá efectos consonte o previsto no artigo 39.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2025

A presidenta de Augas de Galicia
P.D. (Disposición adicional segunda da Resolución do 11.2.2025;
DOG núm. 37, do 24 de febreiro)
Roi Fernández Añón
Director de Augas de Galicia

